



CG/pgm

Asunto	Solicitud de informe sobre o estudo de impacto ambiental	Clave	PE/PO/011/11/03
Proxecto	Parque Eólico Monte Festeiros		
Espazo natura	Ningún		
Conca fluvial	Ulla-Umia-Lérez		
Concello	Silleda e Forcarei		
Provincia	Pontevedra		
Solicitante	Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra ,da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación	Ref.	IN661A 2011/2-4
Promotor	A.V. Monte Festeiros S.L.U.	Ref.	

I. Antecedentes administrativos.

Mediante escrito do 10/01/2022 do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, en cumprimento do establecido no artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a petición de informe relativo á seguinte documentación:

- “Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico de Monte Festeiros ”. Setembro 2021.
- Cartografía dixital en formato shp.

O obxecto do citada petición é informar o **estudo de impacto ambiental** (EsIA) do proxecto de referencia. Dito proxecto ven precedido dunha serie de antecedentes administrativos resumidos a continuación.

A principios da década pasada, sociedade AV Monte Festeiros, S.L.U., presentou o preceptivo Proxecto de Autorización Administrativa para o Parque Eólico de Monte Festeiros.

Con data 12/06/2013, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental formula a correspondente Declaración de Impacto Ambiental (DIA).



Coa entrada en vigor da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental e ao non iniciarse as obras do PE de Monte Festeiros, a citada DIA perdeu a súa vixencia o pasado 12 de decembro de 2019.

En atención ao indicado nos anteriores epígrafes, o presente documento procede ao desenvolvemento dun novo Estudo de Impacto Ambiental do proxecto de Parque Eólico Monte Festeiros, de acordo á normativa actualmente vixente en materia de avaliación ambiental de proxectos.

Este proxecto foi declarado iniciativa empresarial prioritaria ao abeiro do establecido nos artigos 42 e 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, modificada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

En consecuencia e a vista dos antecedentes, emítese o presente informe tendo en consideración a información achegada coa solicitude, así como as observacións formuladas polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra, no documento suscrito con data de 11/03/2022.

II. Resumo do proxecto.

Descrición do proxecto

Tratase dun PE de 48 MW de potencia total, situado no concello de Silleda e Forcarei (Pontevedra) dentro da Area de desenvolvemento eólico (ADE) "Monte Festeiros".

Características xerais do proxecto

- NOME PARQUE EÓLICO : MONTE FESTEIROS
- CONCELLOS : Silleda e Forcarei (Pontevedra)
- Nº AEROXERADORES : 10 MODELO AEROXERADORES Vestas V-136 4,0 / Vestas V- 136 4,2/ Vestas V-150 5,6



- ALTURA DA BUXA (m) : 82/ 105/ 125
- DIÁMETRO ROTOR (m) :1 36/150
- POTENCIA NOMINAL UNITARIA (MW) : 3/ 4,2 /5,6
- POTENCIA DO PARQUE (MW) : 48

Parque Eólico

O parque conta con 48,00 MW de potencia nominal e estará formado por 10 aeroxeradores tripala modelo Vestas V-136 / V-150. Os aeroxeradores conectaranse entre así a través dos correspondentes condutores enterrados e cabinas de entrada-saída de liña, que se tenderán soterradas en gabia ata a subestación do parque eólico 30/66 Kv.

Torre de Control

Nos 3 casos de trata de torres de xeometría troncocónica, construídas en aceiro e divididas en seccións unidas mediante bridas aparafusadas. Contan coas súas correspondentes plataformas, escaleiras de servizo, elevador, alumado de servizo e emerxencia, así como con bandexas para o paso do cableado de control e potencia. Aloxa na súa plataforma inferior os armarios de base de torre e UPS e a cela de media tensión, e na súa plataforma superior elementos que dan servizo aos equipos da góndola. A unión da cimentación coa torre realízase mediante virola embebida en formigón.

Torre meteorolóxica

Todas as solucións contan con torre meteorolóxica, situada na posición xa descrita, formada por un apoio autosoportado, onde se instalarán os aparellos de medida. Neste apoio estará constituído por perfís angulares de aceiro galvanizado en quente, aparafusados entre si, e encaixado no terreo en bloque de formigón.

Subestacion

A subestación ocupará unha superficie de 65x45 m e na que se situará o parque de intemperie, o edificio de control, os viais e zonas de acceso e estacionamento, así como espazo libre suficiente para posibilitar a ampliación cunha nova posición de transformación para a súa cesión á compañía distribuidora da zona.



Os criterios adoptados para a localización da subestación parque eólico foron os seguintes: orografía adecuada, localización próxima ao centro de potencias do parque, facilidade de acceso e dispoñibilidade dun corredor eléctrico que permita a construción da liña de evacuación. O centro de control do parque e a parte cuberta da subestación situaranse nun mesmo edificio, convenientemente separados e con accesos independentes .

Liña de Evacuación de Enerxía

A evacuación da enerxía eléctrica xerada nos Parques Eólicos de Outeiro Grande e Monte Festeiros, materializarase mediante unha liña eléctrica de evacuación que conecte ambos os parques, e mediante unha subestación a través da cal dita liña conéctese coa Rede de Transporte no nó de Silleda 400 Kv, propiedade de REE, ao contar ambas as instalacións de produción con acceso concedido no devandito nó. Para iso cóntase cunha solución conxunta que engloba:

- LAT 132 kV PE Outeiro Grande- PE Monte Festeiros – SEC Arela
- Subestación Colectora Arela 132/400 KV.
- LAT 400 KV SEC Arela – SET Silleda 400 kV.

O primeiro dos tramos parte da subestación do PE de Outeiro Grande (TM A Estrada) e discorre en sentido Leste ata alcanzar a subestación do PE de Monte Festeiros (TM de Silleda), desde onde se dirixe cara ao Norte ata alcanzar a subestación colectora de Arela, situada no lugar de Carboeiro (Silleda); desde a cal un tramo duns 900 m de liña de 400 kV conecta a SEC de Arela coa SET de Silleda.

Alternativas

O EsIA fai unha descrición das infraestruturas necesarias para as 3 alternativas consideradas, ademais da alternativa cero. As 3 alternativas contan co mesmo número de aeroxeradores e empregan as mesmas localizacións para case todas eles. Practicamente a única diferenza é que a alternativa 3 (seleccionada) non sitúa ningunha torre no Coto da Tella, evitando deste xeito as infraestruturas de acceso ata este punto.



III. Análise da documentación.

Examinada a documentación recibida, realízase a seguinte análise:

1. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
2. A zona onde se desenvolve o proxecto non se atopa en ningún espazo que, neste momento, se atope en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais.
3. O lugar onde se localiza o proxecto non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, das recollidas na Lei 5/2019, do 2 de agosto, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade,
4. Revisado o Inventario de humidaís de Galicia (IHG), creado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidaís protexidos e se crea o Inventario de humidaís de Galicia, obsérvase que, o desenvolvemento do proxecto no afecta zonas húmidas inventariadas.
5. O proxecto afecta parcialmente a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión, segundo o establecido na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e se dispón a publicación das zonas de protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia nas que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión.
6. A actuación prevista, seguindo a traza da gabiá do cableado de leste a oeste, cruza as seguintes canles fluviais:

Regato / río	Distancia
Rego de Mosqueiros	0





Regato / río	Distancia
Rego Puza	0
Rego Refoxos	0
Rego Agrel	0
Rego Cortegada	0

7. De conformidade co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005), realizado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (actual Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico), na zona de actuación localízanse teselas onde se identificaron os seguintes hábitats naturais de interese comunitario ou prioritarios (*):

Código UE	Prioritario	Denominación
4030	Non	Uceiras secas europeas.
9230	Non	Carballeiras galaico portuguesa con <i>Quercus rober</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> .
4090	Non	Uceiras oromediterráneos endémicas con toxo
8230	Non	Rochedos silíceos con vexetación pionera do Sedo-Scleranthion ou do Sedo albi-Veronicion dillenii..
6430	Non	Mega forbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino.
91E0	Si	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).

8. No ámbito de actuación non están presentes árbores ou formacións incluídas no Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.
9. Segundo se deriva da información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, a/as cuadrícula/s na/s que se inclúe o ámbito de actuación do proxecto (UTM 10x10 ,29TNH51 , 29TNH52, e 29TNH62), correspóndese coa área de distribución das seguintes especies protexidas, incluídas no Decreto 88/2007 do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas (CGEA):

❖ Flora

Especie	CGEA
<i>Thymelaea broteriana</i>	V
<i>Eryngium duriaei</i> subsp <i>juriseanum</i>	E



Non obstante, información máis detallada como a proporcionada polo Atlas da flora vascular ameazada de España (cuadrículas 1x1) non determina a presenza, na zona da actuación, de ningunha especie da flora ameazada.

❖ Fauna

Especie	CGEA
INVERTEBRADOS	
<i>Geomalacus maculosus</i>	V
<i>Margaritifera margaritifera</i>	E
ANFIBIOS	
<i>Chioglossa lusitanica</i>	V
<i>Discoglossus galganoi</i>	V(2)
<i>Rana iberica</i>	V
<i>Hyla arborea</i>	V
<i>Rana temporaria</i>	V
PEIXE	
<i>Petromyzum marinus</i>	V (3)
AVES	
<i>Milvus milvus</i>	E
<i>Gallinago gallinago</i>	E(1)
<i>Vanellus vanellus</i>	E(1)
<i>Circus cyaneus</i>	V
<i>Circus cyaneus</i>	V
<i>Scolopax rusticola</i>	V(1)
<i>Tetrax tetrax</i>	E
<i>Bubo bubo</i>	V
MAMÍFEROS	
<i>Rhinolophus hipposideros</i>	V
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	V
<i>Galemys pyrenaicus</i>	V
<i>Myotis emarginatus</i>	V
<i>Myotis myotis</i>	V

(E) En perigo de extinción.

(V) Vulnerable.

(1) Poboación nidificante.

(2) Poboacións insulares.

(3) Poboación do Cantábrico e Arco Ártabro: dende cabo Ortegal ata as illas Sisargas, Cantábrico: de cabo Ortegal ata o río Eo, incluído.

(4) Poboacións de baixa altitude da provincia da Coruña e poboacións de montaña da provincia de Ourense.

(5) spp. schoeniculus.



Cabe indicar para o *Vanellus vanellus* que, segundo o "Atlas de aves reproductoras" publicado polo MITECO en 2003, non é previsible encontrar parellas nidificantes nesta zona, e segundo o II Censo nacional, publicado no ano 2016 por SEO-BirdLife para o sisón común (*Tetrax tetrax*) en España, non é previsible encontrar machos desta especie nesta zona .

10.O proxecto non está incluído dentro do ámbito de plans de recuperación ou conservación de especies protexidas.

11. A zona de actuación non se localiza dentro do ámbito de propostas técnicas de zonificación de plans de conservación/recuperación de especies ameazadas que se están elaborando na Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

12. Con respecto as observacións efectuadas polo servizo de patrimonio natural de Pontevedra:

- ❖ "O hábitat prioritario 91E0* limitase á tesela 53816 que se estende polo val do río innominado tributario do Lérez, ao norte de Taboadelo, e que se cruza para acceder aos aeroxeradores A1-A3 a través de estrada asfaltada.

O EsIA delimita as comunidades vexetais no plano nº 7 e calcula a superficie ocupada por cada unha delas na poligonal, aínda que se detectan algunhas discrepancias entre o representado nos planos e a vexetación actual. Así, por exemplo, as plataformas dos aeroxeradores 6, 7 e parte do 9 afectan a unha repoboación de *Pinus sp.* de 2-3 anos, sendo ben visibles os traballos de preparación do terreo na PNOA do ano 2020. Toda esta superficie está considerada no EsIA como queirogais secos.

Cabe destacar tamén que, en visita realizada o día 09/03/22 ao ámbito onde se proxectan as infraestruturas, observouse presenza de especies características dos queroigais húmidos (*Erica ciliaris*, *Erica tetralix*, *Erica cinerea*, *Calluna vulgaris* ou *Daboecia cantabrica*) na cabeceira do Rego de Cortegada, a ambos lados da pista de acceso aos aeroxeradores nº 9 e 10, no punto onde ambas pistas se bifurcan. Tamén neste punto observouse un exemplar de *Narcissus bulbocodium* (especie incluída no Anexo V da Directiva 92/43/CEE- Especies animais e vexetais de interese comunitario cuxa recollida





na natureza e cuxa explotación poden ser obxecto de medidas de xestión). *Erica ciliaris* abunda tamén na cabeceira do regato innominado que está ao sur do aeroxerador nº 2."

- ❖ "A descrición da metodoloxía empregada recolle datos contraditorios. Indícase por exemplo que se fixan 6 itinerarios para o estudo das aves, ao tempo que se inclúen coordenadas de 8, ou que, ata o momento da redacción do anexo, tan só se empregaron os itinerarios 1, 3 e 5, cando despois se presentan resultados dos itinerarios 1, 2, 3, 4/6 e 7. Tamén se recolle na descrición que, polo momento, empregáronse as estacións de observación codificadas como 4 e 5, mentres que as fichas de resultados sinalan o emprazamento 3 e 7. Para as estacións de escoita nocturna, os emprazamentos que figuran nas fichas son tamén outros, o 2 e 6.

Por outra banda, a información recollida na táboa de especies de aves da memoria (paxs. 32-33), en relación coa confirmación da súa presenza na zona de estudo durante os traballos de campo, non coincide coa incluída no Anexo IV. Así, na táboa da memoria indícase que se confirmou a presenza de especies como *Accipiter gentilis*, *Accipiter nisus*, *Falco subbuteo*, *Falco tinnunculus*, *Tyto alba* ou moitas outras, que non figuran na relación de especies observadas do anexo. O mesmo sucede no caso contrario, especies incluídas nas fichas dos traballos de campo que constan como de presenza non confirmada na táboa da memoria, como por exemplo *Circus pygargus*."

- ❖ "Segundo información proporcionada polos axentes ambientais do Distrito XVI, téñense atopado indicios de presenza de lobo na zona onde se proxecta a instalación do parque eólico.

A poligonal do parque eólico conta con superficie considerada como Zona 1 (a correspondente ao concello de Forcarei) e como Zona 2 (concello de Silleda) no Plan de xestión do lobo en Galicia, aprobado polo Decreto 297/2008. Dita zonificación establécese en función da densidade de lobos (sendo a zona 1 a de maior densidade), a gandería existente e os danos á mesma confirmados."

- ❖ "En relación á vexetación, a maior superficie de ocupación afecta, segundo se indica no EslA, a queirogais secos (hábitat 4030) (15,37 ha), seguido de





mosaico agropecuario (4,74 ha) e piñeirais (1,46 ha). Aféctase tamén a 47 m² de bosques climácicos caducifolios (hábitat de interese comunitario 9230), 161 m² de bidueirais e B.M de frondosas e 518 m² de bosques fluviais, considerado hábitat de interese comunitario prioritario (91E0*)." ."

- ❖ "Impactos vinculados á perda de superficie vexetal, de hábitats e biotopos para a fauna, derivados das inevitables ocupacións asociadas á execución do parque e non compensados no marco do proceso expropiatorio. Neste sentido, o EsIA destaca que as instalacións proxéctanse nun ámbito dedicado a aproveitamentos forestais, e que supoñen poucas ocupacións, non afectando en ningún caso a hábitats prioritarios. Tal descrición contradíse con apartados precedentes, nos que se recolle unha pequena superficie de afección ao hábitat 91E0* ." ."
- ❖ " O EsIA non identifica a presenza de queirogais húmidos atlánticos (hábitat prioritario 4020*) no ámbito de estudo. Sen embargo, na visita a campo realizada o 09/03/22 con un dos axentes ambientais do Distrito XVI observáronse especies propias de ditos hábitats, tales como *Erica ciliaris* ou *Erica tetralix*.

Na cabeceira do regato próximo á localización do aeroxerador nº 2 abunda *Erica ciliaris* e a pista que dá acceso aos aeroxeradores 9 e 10 atravesaba unha zona de maior humidade, na cabeceira da valgada do Rego de Cortegada, actualmente moi alterada polos traballos de repoboación realizados e polas propias pistas existentes, na que parece existir transición entre o hábitat 4030 e 4020*, observándose especies características de ambos."

13. Con respecto ao EsIA do parque eólico cabe facer as seguintes observacións por parte desta dirección xeral:

O EsIA presentado non aporta os contidos mínimos necesarios para avaliar correctamente os impactos do parque eólico. Por exemplo:

- ❖ O EsIA recolle unha táboa coa superficie total das distintas comunidades vexetais citadas no ámbito de estudo (poligonal) pero non especifica a vexetación afectada por cada unha das infraestruturas proxectadas .



- ❖ Non se realiza unha estimación do impacto que sofre a superficie afectada de cada hábitat, asociación vexetal, ou comunidade vexetal con descrición cualitativa do estado de conservación dos mesmos, por cada intervención (decapado, roza, poda, curta, etc) que se realice. En especial co hábitat 91E0”.
- ❖ O inventario de avifauna redúcese ao traballo de campo que se levou a cabo durante os meses de marzo de 2021, xuño de 2021 e setembro de 2020. Este censo debería ser durante todo o ano.

Nesta apartado hai que destacar que se usan 7 estacións de observación en zonas elevadas para alcanzar maiores campos de visión.

- ❖ Segundo recolle o EslA, en base ás fontes bibliográficas consultadas, non existen citas de flora ameazada na poligonal do parque. Sinálase tamén, que inmediatamente ao sur do extremo meridional da poligonal constan citas de *Thymelaea broteriana*, especie catalogadas como vulnerable polo CGEA. Sobre a especie "*Eryngium duriaei* subsp *juriseanum*" o EslA non a menciona.
- ❖ A cartografía das redes primarias das faixas de xestión da biomasa vexetal existente na contorna onde se van a desenvolver as obras, segundo o artigo 20 bis.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- ❖ Sobre os quirópteros, fíxose unha visita mensual durante os meses de outubro de 2020, e de xaneiro, abril e xuño de 2021. Este censo debería facerse durante todo o ano.
- ❖ Sobre outros mamíferos, anfibios, invertebrados e réptiles. Non se realiza traballo de campo para caracterizar estes grupos faunísticos.

IV. Conclusións.

Atendendo á súa consulta, en base á información dispoñible na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, dos datos achegados polo Servizo de Patrimonio Natural de Pontevedra e a documentación aportada polo promotor, infórmase que non é posible **determinar con total seguridade que non se vaian producir efectos negativos sobre os valores naturais.**



Para que esta dirección xeral poida pronunciarse sobre o obxecto da súa consulta, é preciso que o estudo de impacto ambiental estea terminado; e non pode dicirse que así sexa cando os inventarios que serven de base á análise están incompletos ou son claramente insuficientes. É necesario sinalar que é responsabilidade do promotor, de acordo co establecido no artigo 35 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a elaboración do estudo de impacto ambiental.

Para unha correcta avaliación ambiental do proxecto, o estudo de impacto ambiental (e de ser necesario, o proxecto) deberá ser reformulado, acorde aos comentarios dos apartados 12 e 13 do epígrafe anterior, "*III. Análise da documentación*" e conforme ás seguintes directrices:

- ❖ Con respecto aos **inventarios**, como consideración xeral, estarase ao seguinte para o estudo da flora e dos grupos faunísticos: a recompilación de información debe ter en conta un período de tempo suficiente que permita abarcar os aspectos estacionais de comportamento das especies (reproducción, migración, hibernación), segundo proceda, ou no seu caso da fenoloxía. Doutra banda a área de estudo (marco de referencia espacial) debe definirse de tal maneira que abarque toda a zona xeográfica dentro da cal é probable que ocorran todas as actividades e os efectos do proxecto.
- ❖ O **inventario de flora** deberá confirmar ou descartar á presenza de especies catalogadas nas áreas de afección do proxecto. Este extremo será de aplicación nas áreas do ámbito de afección do proxecto, incluída a rede primaria de xestión de biomasa conforme aos requirimentos da Lei 3/2009, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- ❖ O **inventario doutros grupos faunísticos** deberá confirmar ou descartar á presenza de especies catalogadas nas áreas de afección do proxecto, con especial atención ás zonas húmidas do ámbito do proxecto.



- ❖ Tendo en conta a especial afección deste tipo de proxectos sobre **avifauna e quirópteros**, seguiranse as seguintes condicións mínimas para o estudo de cada grupo.

- Condicións mínimas para o estudo de **aves diúrnas**.

O obxectivo é analizar como utilizan as aves diúrnas o espazo que rodea aos aeroxeradores.

O promotor deberá presentar un estudo onde se delimite a área de estudo e descríbese o método utilizado para o inventario. Salvo que se xustifique suficientemente, os inventarios de aves deberán realizarse baixo as seguintes condicións mínimas:

- ✦ Establecerase unha área de afección ao redor de todos os aeroxeradores de 2 km de radio.
- ✦ Indicaranse cales son as aves que se pretenden estudar en detalle.
- ✦ En función da superficie desta banda, establecerase un posto de observación cada 2.500 ha de banda de afección, utilizándose polo menos 2 postos por cada parque eólico.
- ✦ Os postos de observación situaranse de tal modo que se cubra polo menos a 80% da área de afección cunha detectabilidade desas aves superior ao 50%. Para cumprir con esta condición, na descrición do método de inventario utilizado indicarse o tipo de ópticas utilizadas para observar as aves e a distancia á cal a detectabilidade das aves cara ás cales se dirixe o inventario baixa do 50%.
- ✦ Polo menos realizárase unha xornada por mes durante un ano enteiro. Durante cada xornada, as observacións faranse durante as 2 horas seguintes ao amencer, 2 horas ao mediodía e 2 horas antes do ocaso.
- ✦ O período de observación establecerase en función da etoloxía das especies que se trata de detectar.
- ✦ As condicións meteorolóxicas deberán ser adecuadas: boa visibilidade e vento por baixo dos valores medios anuais.





- ✦ Pode ser conveniente o uso de radares (móviles ou fixos) ou sistemas de detección de aves en tempo real.

Co inventario deberase valorar o impacto que se pode producir sobre estas aves, analizando o uso do territorio que fan, a selección do hábitat, o uso do espazo aéreo (altura de voo considerando vóanse por baixo do rotor, á altura deste ou por encima del; concentracións en puntos concretos; zonas de paso; ...), identificación de puntos singulares de alta frecuencia, etc.

Á vista das recomendacións do “Estudo do efecto dos parques eólicos sobre a avifauna en Galicia e plan de minimización do impacto”, valorarase especialmente o impacto sobre as seguintes especies de aves que, a priori, son potencialmente as máis sensibles:

- ✦ *Ardea cinerea*.
- ✦ *Buteo buteo*.
- ✦ *Circaetus gallicus*.
- ✦ *Circus cyaneus*.
- ✦ *Circus pygargus*.
- ✦ *Falco tinnunculus*.
- ✦ *Gyps fulvus*.
- ✦ *Neophron percnopterus*.

Do exposto no apartado III deste informe, engádese á listaxe anterior as do xénero *Milvus*.

— Condicións mínimas para o estudo de **aves nocturnas**.

Para as especies de aves nocturnas, o inventario consistirá na realización de escoitas desde todos os puntos nos que se instalarán os aeroxeradores.

Estas escoitas terán as seguintes condicións mínimas:

- ✦ Deben iniciarse uns 15 minutos despois do ocaso e terminar antes de 2 horas.
- ✦ A duración da escoita en cada punto será de 30 minutos polo menos.





- ÷ Non se realizarán escoitas en noites con precipitacións ou con vento.
- ÷ Realizaranse dous escoitas en cada un dos seguintes períodos: do 16 de xaneiro ao 15 de febreiro; do 16 de abril ao 15 de maio; e do 1 de xuño ao 30 de xuño.

Co inventario deberase valorar o impacto que se pode producir sobre estas aves, analizando o uso do territorio que fan, a selección do hábitat, o uso do espazo aéreo, etc.

Valorarase especialmente o impacto sobre *Asio otus* que, a priori, é potencialmente a máis sensible.

— Condicións mínimas para o estudo de **quirópteros**.

No inventario dos morcegos é básico localizar os refuxios que utilizan. O promotor deberá presentar un estudo onde se delimite a área de estudo e descríbese o método utilizado para o inventario. Salvo que se xustifique suficientemente, os inventarios de refuxios deberán realizarse baixo as seguintes condicións mínimas:

- ÷ Establecerase unha área de afección ao redor de todos os aeroxeradores de 4 km de radio.
- ÷ Dentro desta área, identificaranse todos os potenciais refuxios de quirópteros, incluíndo árbores añosos que poidan ser utilizados polas especies forestais.
- ÷ A localización dos refuxios de hibernación farase entre o 16 de decembro e o 15 de febreiro.
- ÷ Durante os períodos de máxima actividade (do 1 de abril ao 15 de maio e do 1 de agosto ao 15 de outubro) localizaranse os refuxios de cría e repouso.
- ÷ Coñecidos estes últimos, deberase identificar as especies que os utilizan e determinarase as superficies que utilizan como alimentación desde cada refuxio.





Para analizar o uso do espazo no que se proxecta instalar o parque eólico levará a cabo un estudo de actividade dos morcegos mediante mostraxe acústica pasiva. A metodoloxía para aplicar será a seguinte, salvo que se xustifique adecuadamente outra mellor:

- ÷ Empregaranse equipos de rexistro automático en espectro completo.
- ÷ O calendario xeral de traballo será de marzo a novembro, dividido en períodos de 15 días. A gravación será continua (do atardecer ao amencer), cando menos durante 3 noites consecutivas (sen precipitacións continuas, néboas, nin ventos excesivamente fortes) en cada período de 15 días.
- ÷ Débese dispoñer, en cada aliñación do parque eólico:
 - Nas aliñacións menores de 2 km, 1 equipo no punto medio.
 - Nas aliñacións entre 2 km e 4 km, 2 equipos situados nos aeroxeradores dos límites.
 - Nas aliñacións maiores de 4 km, 1 equipo cada 2 km, de forma equidistante.
- ÷ As mostraxes realizaranse a dúas alturas, unha a nivel do chan e outra o mais preto posible da altura do rotor sempre que existan estruturas que o permitan, como as torres meteorolóxicas.
- ÷ As gravacións deberán almacenarse durante un período mínimo de 2 anos co fin de posibilitar revisións.

Cos datos de acústica obtidos, o EsIA debe reflexar niveis de actividade e diversidade de especies nos diferentes emprazamentos. Ditos niveis de actividade deben ser comparados con datos meteorolóxicos (temperatura, precipitación, velocidade do vento, etc.) e fenoloxía das especies presentes.

Á vista dos datos publicados nas “Directrices básicas para el estudio del impacto de instalaciones eólicas sobre poboaciones de murciélagos en España” (SECEMU. Barbastella, 6 (núm. especial): 1-31), valorarase



especialmente o impacto sobre as seguintes especies de morcegos que, a priori, sofren unha incidencia elevada:

- ✦ *Nyctalus leisleri*.
- ✦ *Nyctalus noctula*.
- ✦ *Pipistrellus pipistrellus*.
- ✦ *Pipistrellus pygmaeus*.

Se o proxecto prevé a instalación de balizas luminosas, efectuaranse probas con distintos modelos para medir a concentración de insectos que xeran ao seu ao redor.

Finalmente, indicárase tamén a velocidade mínima de funcionamento dos aeroxeradores proxectados.

- En relación ao lobo, tense que dar cumprimento ao punto 18 (“Efecto barreira das infraestruturas”), apartado 5, do Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de xestión do lobo en Galicia. Neste senso, no primeiro ano de funcionamento do parque eólico, como parte do plan de vixilancia ambiental, débese remitir á Dirección Xeral de Patrimonio Natural un estudo con datos sólidos sobre a presenza de lobos na área de influencia do parque eólico e debe realizarse unha avaliación e seguimento das afeccións da instalación eólica sobre a poboación de lobos; estrutura social, zonas de cría, uso do espazo, etc.
- O EsIA deberá ser reformulado nos apartados de **identificación e valoración de impactos, medidas preventivas e correctoras e plan de vixilancia ambiental**, conforme á nova información que se recompila no inventario ambiental e corrixindo os aspectos apuntados no apartado III.
- Evitárase modificar as **zonas de escoamento** para non influír nos ecosistemas naturais augas abaixo das infraestruturas (pistas). Neste senso, deberanse colocar tantos pasos de auga como valgadas teña o terreo, dimensionándose axeitadamente para evitar o efecto presa en épocas de máxima precipitación. Esta medida será empregada como paso pola pequena fauna (anfíbios, réptiles e micromamíferos).



- Nas zonas de elevada pendente deberanse adoptar as medidas preventivas e/ou correctoras co fin de evitar os **fenómenos erosivos** que produzan alteracións na composición dos solos e das augas.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

Visto e praxe
O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas